



**INSTRUCCIÓN DA DIRECCIÓN DE RECURSOS HUMANOS DO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE EN RELACIÓN COAS INCORPORACIÓNS E CESAMENTOS DE PERSOAL COMO CONSECUENCIA DOS CONCURSOS DE TRASLADOS E OS PROCESOS SELECTIVOS.**

Co fin de acadar un tratamento uniforme nas incorporacións e cesamentos do persoal que se deban producir nos centros de xestión do organismo como consecuencia da resolución dos procesos de mobilidade voluntaria (concurso de traslados) e dos procesos selectivos, así como de clarexar outros efectos derivados dos mesmos, este centro directivo considera necesario, como se fixo en anteriores ocasións, ditar unhas instrucións que ordenen o proceso.

As instrucións parten do establecido no Decreto 206/2005, do 22 de xullo, de provisión de prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, e basicamente reiteran o establecido nas instrucións aplicables en anteriores procesos e xa coñecidas polos axentes implicados.

Con todo, considerouse oportuno incorporar ás presentes instrucións determinadas previsións específicas en materia de acollida de persoal e de protección da saúde (novos apartados 5 e 6). Deste xeito, a procura dunha satisfactoria acollida do persoal, e a protección da súa saúde, se manifestan explicitamente por este centro directivo como dous obxectivos integrados no que debe ser unha axeitada ordenación da fase final dos procesos de provisión.

Polo exposto dítanse as seguintes

**I N S T R U C C I Ó N S**

**1.- CONCURSO DE TRASLADOS:**

**A.- PRAZOS DE CESAMENTO DO PERSOAL ADXUDICATARIO :**

**Primeiro.-** Co fin de coordinar os cesamentos en todos os centros de xestión, o centro de orixe cesará de oficio, **o último día hábil do prazo establecido para o cesamento**, ao persoal que tendo participado no concurso obtivera destino noutro centro.

**Segundo.-** En relación co persoal que participou no concurso desde a situación de excedencia para o coidado de fillos/as ou familiares ou calquera outra situación administrativa que lle dea dereito á reserva de praza e obtivo novo destino, **en ningún caso permitirase que se incorpore o seu centro de orixe,**



debedo este expedir unha dilixencia na que se faga constar a perda do dereito de reserva (non procede o seu cesamento xa que o interesado non está en situación de activo). Dita dilixencia, que deberá ser expedida igualmente o último día hábil do prazo de cesamento, será remitida ao centro de destino con carácter inmediato. Nesa mesma data procederase ao cesamento do substituto, no caso de que o houbese.

**Terceiro.-** Cando deba cesarse a un adxudicatario que, por encontrarse en comisión de servizos noutro centro, teña un substituto na súa praza de orixe, o cesamento do substituto producirase o mesmo día no que deba cesar o titular da praza.

**Cuarto.-** No suposto de que o interesado se encontre disfrutando de permiso, licenza, vacacións, incapacidade temporal ou maternidade o cesamento deberá quedar diferido ata que o interesado se incorpore á súa praza de orixe. Ao día seguinte da incorporación o centro formalizará o seu cesamento e enviará a baixa ao centro de destino.

**Quinto.-** A Dirección de Recursos Humanos, por necesidades do servizo debidamente acreditadas, e previo informe dos centros afectados, poderá ampliar o prazo de cesamento ata un máximo de tres meses.

#### **B.- PRAZOS DE TOMA DE POSESIÓN DO PERSOAL ADXUDICATARIO:**


**Primeiro.-** A toma de posesión da nova praza deberá efectuarse, a opción do interesado, dentro dos tres días hábiles seguintes a aquel no que se formalizou o cesamento (se as prazas son da mesma área de saúde), no prazo de quince días hábiles (se as prazas son de distinta área de saúde), ou no prazo dun mes (se a praza desempeñada corresponde a outro servizo de saúde).

Non obstante o anterior, a alta no centro de xestión de destino **terá efectos administrativos do día seguinte ao do cesamento**, se ben para os efectos económicos deberá terse en conta o establecido no apartado D segundo destas instrucións.

**Segundo.-** Non disporán de prazo posesorio algún aqueles adxudicatarios do concurso que xa viñesen ocupando praza no mesmo centro de destino en virtude de comisión de servizos ou reingreso provisional.

**Terceiro.-** En relación co persoal en comisión de servizos os prazos posesorios entenderanse sempre referidos á praza efectivamente desempeñada, con independencia do centro no que teña a praza en propiedade.

**Cuarto.-** Cando o adxudicatario da praza desexe manterse na situación administrativa que lle dea dereito a reserva de praza (excedencia para o coidado de fillos/as ou familiares, servizos especiais, etc), deberá manifestalo no



momento da toma de posesión no centro de xestión de destino. Debe terse en conta que a pesar de estar na citada situación administrativa e aínda que pretenda manterse nela, a súa participación no concurso de traslados obrígalle a cumprimentar os trámites administrativos derivados do mesmo e, en concreto, a tomar posesión dentro do prazo dun mes da praza obtida no concurso, o que non implica necesariamente a súa incorporación efectiva ao desempeño da mesma.

Igualmente, nese intre, deberá solicitar a declaración da situación administrativa correspondente á Dirección Provincial respectiva ou á Dirección de Recursos Humanos, segundo corresponda, que ditará a resolución con efectos desa mesma data nas condicións e cos límites legalmente establecidos.

A excedencia para o coidado de fillos/as ou familiares deberá solicitarse de conformidade coas instrucións deste centro directivo do 14 de setembro de 2010.

Nestes supostos, nos que o interesado solicita continuar na situación administrativa que lle dea dereito á reserva de praza, o centro de xestión de destino, con efectos do día seguinte a aquel no que o centro de xestión de orixe expedira a dilixencia de perda do dereito de reserva, procederá a darlle de alta aos efectos administrativos.

A incorporación efectiva do interesado á praza determinará, de ser necesario, a aplicación dos criterios de cesamento.


**Quinto.-** No caso de que a adxudicación da praza supoña o reingreso ao servizo activo, o prazo de toma de posesión será dun mes (obviamente non retribuído).

**Sexto.-** Se así o permiten as necesidades do servizo, e a pedimento do interesado, o prazo de toma de posesión poderá ser prorrogado pola Dirección de Recursos Humanos.

#### C.- CRITERIOS DE INCORPORACIÓN E CESAMENTO:

**Primeiro.-** Os concursantes que obtiveron praza no concurso de traslados tomarán posesión de acordo cos criterios establecidos nos artigos 37 e seguintes do Decreto 206/2005, do 22 de xullo aplicándose estes mesmos criterios para efectuar os cesamentos que procedan.

Tal e como se realizou en anteriores procesos selectivos e de provisión (desde as instrucións do 11 de novembro de 2005), en relación cos cesamentos que deban producirse no ámbito da atención primaria, e tendo en conta que as prazas deste nivel asistencial foron ofertadas por centro, o cesamento igualmente deberá realizarse por centro.





**Segundo.-** O persoal en situación de reingreso provisional que, **debendo participar no concurso de traslados**, non obteña praza nel deberá ser cesado, **sempre que sexa necesario**, xa que de conformidade co establecido no artigo 38 do Decreto 206/2005, do 22 de xullo, a praza terá a consideración de vacante. O cesamento deste persoal producirase coa efectiva incorporación á praza do adxudicatario da mesma. No caso de que existan vacantes suficientes no centro para permitir a incorporación de todo o persoal propietario, non se producirá o cesamento daquel.

O persoal en situación de reingreso provisional que **non cumpriu coa súa obriga de participar no concurso de traslados**, con independencia de que a praza que ocupa fose ou non adxudicada no concurso, deberá ser declarado na situación de excedencia voluntaria pola respectiva Dirección Provincial con efectos do día seguinte ao que se publique no D.O.G. a resolución pola que se abren os prazos posesorios do concurso de traslados. Por tal motivo o centro de orixe procederá a expedir a dilixencia de cesamento con efectos do primeiro día hábil de prazo de cese e comunicar tal incidencia, de xeito inmediato, á Dirección Provincial respectiva.

O persoal que o seu reingreso lle foi concedido con posterioridade a data de publicación da convocatoria do concurso de traslados, e que polo tanto non acadou praza no mesmo, **non debe ser cesado, sempre que exista praza vacante.**

#### D.- OUTROS EFECTOS DERIVADOS DO CONCURSO :

**Primeiro.-** Os destinos adxudicados son irrenunciabes polo que, cando un concursante non tome posesión da praza adxudicada no prazo establecido ou, no seu caso, no da prórroga concedida, estarase ao disposto no apartado 5º do artigo 30 do Decreto 206/2005, do 22 de xullo.

Neste suposto, o centro de xestión de destino, de xeito inmediato, procederá a comunicar tal incidencia á Dirección Provincial correspondente aos efectos oportunos.

**Segundo.-** Excepto cando a resolución do concurso implique o reingreso no servizo activo (incluída a excedencia para o coidado de fillos/as ou familiares), o prazo de toma de posesión e, no seu caso, o da prórroga, será retribuído, percibíndose os correspondentes haberes con arreglo ás normas establecidas na orde pola que se ditan instrucións sobre a confección de nóminas de persoal ao servizo da Administración Autonómica.

Con carácter singular para o proceso de cesamentos e tomas de posesión derivados da resolución do concurso de traslados citado, o aboamento de salarios correspondentes ao prazo posesorio do persoal que se traslada con



orixe e destino en institucións sanitarias dependentes do Servizo Galego de Saúde axustarase ao establecido na devandita orde para tal suposto.

De acordo co anterior, o centro de orixe aboará os haberes do persoal adxudicatario ata o último día do mes do cesamento. Nesa mesma data procederá a formalizar a súa baixa tanto na Seguridade Social coma na nómina remitindo a correspondente certificación de haberes o centro de destino. Na citada certificación incluírase a liquidación da parte proporcional da paga extra e deberá igualmente reseñarse se disfrutou dalgún permiso, vacacións, días de libre disposición ou calquera outra consideración que se entenda necesaria.

Con respecto ao persoal que en virtude da resolución do citado concurso de traslados obteña praza nunha institución sanitaria do Servizo Galego de Saúde proveniente dunha institución sanitaria allea a este organismo, as remuneracións correspondentes ao prazo posesorio faranse efectivas integramente polo centro de destino, con referencia e efectos económicos do día seguinte do cesamento na institución de orixe.

**Terceiro.-** Os centros de orixe deberán remitir aos centros de destino copia cotexada dos documentos que obren no expediente dos interesados que poidan ter relevancia administrativa.

**Cuarto.-** Consonte ao previsto no artigo 30 do Decreto 206/2005, procederá a prórroga do prazo de toma de posesión, ata a data do cesamento, para o persoal que desempeñe algún dos postos obxecto de provisión de conformidade cos capítulos VI e VII do propio Decreto, agás nos supostos provistos por concurso de méritos a que se refire o artigo 50.


## **2.- CONCURSO-OPOSICIÓN :**

**Primeiro.-** Para a incorporación do persoal de novo ingreso que superou o concurso-oposición deberán seguirse os mesmos criterios de incorporación e cesamento establecidos no apartado C primeiro do punto 1º destas instrucións.

**Segundo.-** O prazo para a toma de posesión deste persoal será dun mes (non retribuído) a contar desde o día seguinte o da publicación no D.O.G. da resolución pola que se abra o prazo posesorio.

Non obstante o anterior, en casos de forza maior, e a instancia do interesado, o órgano convocante poderá prorrogar o citado prazo.

A toma de posesión implica a efectiva incorporación ao desempeño da praza, polo que non poderán tomar posesión da praza as persoas que se atopen en situación de incapacidade temporal nin en incapacidade permanente.



Para estes casos, así como para o caso de licenza por maternidade, os afectados deben solicitar unha prórroga na incorporación á Dirección de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde.

As persoas con licenza de maternidade ás que lles sexa prorrogado o prazo de toma de posesión, non poderán ser cesadas no centro no que viñan prestando os seus servizos antes da resolución do proceso selectivo ata o día no que remate a prórroga concedida. Ao día seguinte o centro de destino deberá proceder a expedir a dilixencia de toma de posesión, se ben os efectos administrativos serán do primeiro día hábil do prazo de toma de posesión.

**Terceiro.-** O persoal que viña prestando servizos con anterioridade a toma de posesión da praza adxudicada como consecuencia do concurso-oposición, deberá cesar no correspondente centro, alomenos, o día anterior ao da dita toma de posesión. Neste suposto o centro de orixe deberá efectuar, con cargo aos seus respectivos orzamentos, as correspondentes liquidacións de haberes, nas que se incluírá a parte proporcional da paga extra así como das vacacións nos termos nos que proceda.

**Cuarto.-** Respecto ao persoal que teña superado o proceso selectivo en varias categorías, unicamente poderá tomar posesión nunha delas (aquela que desexe o interesado). No mesmo acto de toma de posesión o interesado deberá solicitar á Dirección Provincial correspondente a declaración de excedencia voluntaria por prestar servizos no sector público na outra categoría, acompañando á solicitude unha copia da dilixencia de toma de posesión. A Dirección Provincial ditará a correspondente resolución con efectos da data na que tomou posesión da praza da categoría pola que optou.

O persoal que teña superado o proceso selectivo nunha categoría que preste servizos temporais noutra categoría estatutaria distinta ou como persoal laboral temporal ou funcionario interino, xa sexa na mesma ou distinta categoría, poderá solicitar a declaración de excedencia voluntaria por prestar servizos no sector público na categoría na que aprobou.

Para a declaración de calquera outra excedencia ou situación administrativa estarase ás instrucións desta Dirección do 30 de setembro de 2005 (complementadas coas de 14 de setembro de 2010 no que se refire á excedencia para o coidado de fillos/as ou familiares ao cargo).

**Quinto.-** O persoal propietario que pola superación deste concurso-oposición acade nomeamento en propiedade noutra categoría distinta, poderá optar, dentro do prazo de toma de posesión, por ser declarado nunha delas en excedencia voluntaria por prestar servizos no sector público.



De acordo coas instrucións desta Dirección do 30 de setembro de 2005, a excedencia voluntaria por prestar servizos no sector público autorizarase tanto se o persoal fixo presta servizos noutra categoría estatutaria, xa sexa como persoal fixo xa sexa como persoal temporal, como se presta servizos baixo outro réxime xurídico distinto ao estatutario (laboral ou funcionario), xa sexa como persoal fixo ou como persoal temporal.

Para a declaración de calquera outra excedencia ou situación administrativa estarase ás instrucións desta Dirección do 30 de setembro de 2005 (complementadas coas de 14 de setembro de 2010 no que se refire á excedencia para o coidado de fillos/as ou familiares ao cargo).

**Sexto.-** Por último, respecto ao persoal que se encontre desfrutando dunha excedencia para o coidado de fillos/as ou familiares concedida con anterioridade a superación deste proceso selectivo, e pretenda manterse nesta situación ao tomar posesión da súa praza en propiedade, deberá solicitar a Dirección Provincial correspondente a declaración dunha nova excedencia, nas condicións e nos límites legalmente previstos, e de conformidade coas instrucións deste centro directivo do 14 de setembro de 2010.

### **3.- UBICACIÓN DO PERSOAL NAS UNIDADES OU SERVICIOS ORGANIZATIVOS:**

**Primeiro.-** A ubicación do novo persoal, nas unidades ou servizos organizativos dos centros de destino adxudicados por este centro directivo no concurso de traslados e no concurso-oposición, realizarase co estricto respecto as funcións propias de cada categoría e atendendo ao principio de planificación eficiente das necesidades. Dita ubicación terá carácter provisional e de segunda orde respecto aos regulamentos internos de organización do traballo e á tramitación dos procedementos de traslados internos (cuxas bases, para o ámbito da atención especializada, foron acordadas na Mesa Sectorial con data 23 de decembro de 2009).

**Segundo.-** Baixo os principios esenciais referidos no apartado primeiro, procurarase que a ubicación do novo persoal responda a criterios obxectivos, nos termos que se concreten nos acordos acadados, de ser o caso, no seo da comisión de centro.

**Terceiro.-** Os profesionais que se atopen prestando servizos no centro poderán continuar prestando servizos provisionalmente no mesmo posto que viñan desempeñando.

Cando para a ubicación provisional se aplique o criterio de elección por puntuación, terá prioridade o persoal incorporado por concurso de traslados, que



elexirá pola orde de puntuación acadada no concurso; en segundo lugar elexirá por orde de puntuación o persoal incorporado polo concurso-oposición, dando prioridade a aquel que accedeu pola quenda de promoción interna.

Cando sexa preciso, o sistema de ubicación provisional poderá establecer criterios específicos aplicables transitoriamente no período de tomas de posesión.

**Cuarto.-** No ámbito da atención primaria, cando as prazas se teñan ofertado por localidade, centro e quenda, a incorporación producirase no centro e quenda adxudicada ao interesado. Cando existan varios postos de traballo no mesmo centro e quenda, os interesados elixirán pola orde de puntuación no concurso de traslados (en primeiro lugar) ou no proceso selectivo (en segundo lugar, e dando prioridade ao persoal seleccionado por promoción interna).

**Quinto.-** Cando polo número de persoal afectado poidan existir complicacións nas incorporacións, a Dirección de Recursos Humanos poderá organizar que se realicen de xeito escalonado.

#### **4.- OUTRAS NORMAS EN RELACIÓN COS CESAMENTOS DO PERSOAL TEMPORAL:**

- **Norma xeral:** Como xa está disposto nos apartados destas instrucións relativos ao concurso de traslados e ao concurso-oposición, para o cesamento de persoal temporal, nos casos en que proceda, terase en conta a orde de prelación, de menor a maior puntuación, nas listaxes vixentes de selección temporal.

##### **- Normas específicas:**

**Primeiro.-** En relación coa situación do persoal temporal substituto dun titular con dereito a reserva de praza, de producirse a perda dese dereito de reserva do titular por mor do proceso selectivo, aplicaranse as Instrucións de 22 de setembro de 2000 sobre xestión das listas de vinculacións temporais.

Xa que logo:

1º.- O persoal temporal substituto cesará no nomeamento que viña desenvolvendo no momento en que o titular substituído perda o dereito á reserva da súa praza, praza que, polo tanto, pasará a ser vacante para os efectos da incorporación do persoal propietario como consecuencia do concurso de traslados ou da OPE.



2º.- Ao persoal temporal substituído que cese por aplicación do punto anterior, de ter sido chamado no seu momento para unha vinculación de longa duración (nomeamentos de duración igual ou superior a un ano), pola súa orde de preferencia nas listas vixentes naquel intre, corresponderalle o nomeamento de interinidade na devandita praza vacante de conformidade coas mencionadas instrucións de 22 de setembro de 2000.

3º.- Unha vez vinculados como interinos en vacante serán tidos en conta para os ceses de acordo co disposto no artigo 39 do Decreto 206/2005, de provisión de prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde.


**Segundo.-** Polo que se refire ao cesamento do persoal temporal de categorías nas que non existen listaxes vixentes de aspirantes á vinculacións temporais, segundo o artigo 39.2 do Decreto 206/2005, do 22 de xullo, o cesamento producirase por orde crecente de menor a maior antigüidade na praza desempeñada, debendo entenderse por praza desempeñada, no suposto de existir varios nomeamentos sucesivos, como sinónimo de vinculacións desempeñadas polo mesmo profesional sen solución de continuidade, na mesma categoría e centro e realizando, xa que logo, a mesma actividade, por teren eses nomeamentos concatenados a súa orixe na idéntica causa da vinculación inicial.

## **5. ACOLLIDA DO PERSOAL QUE SE INCORPORE COMO CONSECUENCIA DO CONCURSO DE TRASLADOS E PROCESOS SELECTIVOS:**

**Primeiro.-** Os centros de xestión organizarán a acollida do persoal que se incorpore como consecuencia do concurso de traslados e procesos selectivos, proporcionándolle información xeral sobre o funcionamento do centro, organización e recursos, así como información en relación coa atención e relacións co paciente, racionalización na utilización de recursos e a prevención de riscos laborais. Esta información complementarase, de ser o caso, coa específica que sexa precisa sobre as funcións a realizar, particularmente sobre aquelas funcións ou procedementos que sexan específicos da unidade de destino.

As medidas de acollida teñen especial relevancia no caso do persoal de nova incorporación, así como no caso de que se produzan traslados entre distintos niveis asistenciais.

Así mesmo, os mandos intermedios facilitarán a incorporación do persoal, procurando integrar ao profesional na unidade de destino e proporcionarlle a información necesaria para a realización das tarefas correspondentes ao seu posto de traballo, así como toda a información sobre a súa relación laboral e outra do seu interese.



**Segundo.-** Acollida de persoas con discapacidade recoñecida. Para a adecuada incorporación das persoas con discapacidade recoñecida que obtiveran destino no centro, estas poderán acudir, con carácter previo á súa incorporación, á correspondente Unidade de Prevención de Riscos Laborais co fin de solicitar unha cita para a realización do recoñecemento médico, para axilizar a adaptación do seu posto de traballo, de ser precisa; neste caso procederase de acordo co establecido na Orde de 16 de setembro de 2008 (DOG nº 189, de 30 de setembro).

En cada centro de xestión designarase unha persoa responsable de procurar esta información aos interesados, así como de facilitar a súa integración na unidade de destino.


## **6. MEDIDAS DE PROTECCIÓN DA SAÚDE DO PERSOAL ESPECIALMENTE SENSIBLE QUE SE TRASLADA A OUTRO CENTRO DE XESTIÓN.**

A Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, como manifestación do principio xeral de adaptación do traballo á persoa previsto no seu artigo 15, establece a obriga empresarial de garantir de maneira específica a protección dos/das traballadores/as que polas súas singulares características persoais, ou estado biolóxico coñecido, sexan especialmente sensibles aos riscos derivados do traballo (artigo 25). En correspondencia, o persoal está obrigado a cumprir as medidas de prevención que se adopten para garantir a súa propia seguridade e saúde e a das persoas ás cales poida afectar a súa actividade profesional (artigo 29).

En cada institución sanitaria entran no mesmo ámbito de decisión a ordenación do traballo, a ubicación do persoal e as medidas que se adoptan para protexer ao persoal especialmente sensible. Por tal motivo non resulta posible que a mobilidade de dito persoal se realice en contra das medidas de protección.

No que se refire ao concurso xeral para o traslado voluntario do persoal fixo entre diferentes institucións e niveis asistenciais, que se convoca e resolve por este centro directivo, consideramos que a incorporación a un novo destino nun centro diferente tampoucó debe realizarse cando poida ir en contra das medidas de protección do persoal especialmente sensible.

Por tal motivo procede que as direccións de Recursos Humanos de cada institución comprobem o novo destino provisional e definitivo asignado, de ser o caso, ao persoal da institución con medidas de protección por razón de saúde, e nolo comuniquen coa maior brevidade posible no suposto de que o novo destino, polas súas condicións xerais de prestación, poida ser contrario ás medidas de



protección adoptadas. Para estes efectos contarase coa colaboración, cando sexa preciso, das Unidades de Prevención de Riscos Laborais.

Na comunicación concretarase se as medidas de protección teñen carácter temporal ou definitivo.

Á marxe da anterior medida de comunicación entre o centro de orixe e este centro directivo, dito centro de orixe, no trámite ao que se refire o punto 1, D, Terceiro das presentes instrucións, comunicarán ao centro de destino as medidas de protección da saúde temporais ou definitivas do persoal que se traslade.

## **7. CASOS PARTICULARES NON PREVISTOS NESTAS INSTRUCIÓNS.**

As presentes instrucións, do mesmo xeito que as ditadas en anteriores procesos de provisión, aluden expresamente ás situacións que se presentan con carácter xeral e frecuente nos procesos de provisión (incapacidade temporal, licenza por maternidade...). Os casos particulares que se presenten, non previstos expresamente, resolveranse de conformidade coa normativa específica de aplicación (estatutaria e de seguridade social) e, cando sexa preciso, por analogía cos expresamente previstos nestas instrucións.